

Nos pobos, para acougar aos nenos, nervosos pola inminente chegada de tan importante personaxe, a xente vella cãntalles a seguinte cançãiga:

Vaiãte logo meu miñiã/miñiã
marcha agora pra camiãa.
Que vai vir o Apalpador
a palparehe a barriguiãa.

Xa chegou o dĩa grande,
dĩa do noso Señor.
Xa chegou o dĩa grande,
e virã o Apalpador.

Mañã é dĩa de cachela,
que haberã gran nevarada
e a de vir o Apalpador
cunha mega de castaãas.

Por aquela cemba
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguãaldo.



Texto: Xurxo L. Valcárcel Gil.
Ilustraciães do Apalpador: Leandro Lamas

Debemos recuperar a figura do Apalpador que se supõn estivo extendida por toda Galicia, e que se mantivo viva ao longo dos sãculos nos puntos mãis ãfastados da nosã xeografia.

È a nosã reponsabilidade que non esquezãmos as tradiçães que fan da nosã unha terrã mãxica e espacial.

O apalpador




Equipo De Biblioteca

Equipo De Normalización Lingüística

C.E.I.P. Victor Sáenz

Nas deresas, nos bosques fermosos e inclinados de faias, capudres, rebolos, acivros, teixos, bidueiras... das montañas do Caurel, habita o Apalpador.



O apalpador é un vello xigante bondadoso que viste roupa moi gastada e remendada, abriga a súa cabeza cunha boina e fuma en pipa.

Ten por oficio o antigo de facer carbón vexetal, e come bagas, froitos silvestres, e tamén xabaríns e corzos; se cadra, algunha perdiz.



Na noite do 1 de decembro, cando morre un ano e vai facer outro, baixa da súa cabana alta e solitaria das abas percorridas por mil regatos da torre cun enorme saco de castañas asadas ao lombro, e entre o frío e a neve, visita todas as aldeas dos vales circundantes, os lugares onde aínda hai nenos.



Cando xa todos durmen entra nas casas e tendo moita conta de non facer ruído, apalpa as barrigas dos pequenos por ver se están ou non ben alimentados. Se comproba que a criatura están ou non mantida, di: “**Así, así esteas todo o ano**”, e deixa ao lado da cama unha boa presada de froitos arrecendentes; pero se observa que non é así, cala, non di nada, e doa tamén o seu presente, aínda que, por fortuna, hai moísimos anos que non ve ventres baleiros, porque a fama xa non vive en ningún recanto do noso país. E non só froitos do castiñeiro entrega. Dende hai un tempo seica os acompaña cun pequenino xoguete de construción artesanal cheo de agarimo. Co abrente, logo do reparto, regresa ao seu acubillo do bosque meste.

